

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA CELEBRADA EN SALVADOR DE BAHÍA (BRASIL)
O 14 DE SETEMBRO DE 2006

Conforme ós Estatutos, tivo lugar a Asemblea Xeral da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) durante a celebración do VIII Congreso Internacional de Estudos Galegos, en Salvador de Bahía (Brasil) o 14 de setembro de 2006 na Aula Magna da Facultade de Comunicación da Universidade Federal da Bahía. A convocatoria foi enviada, segundo marcan os Estatutos, un mes de antelación ós membros oficialmente inscritos e regularizados como socios e socios, xuntamente coa proposta da seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe da xestión da Xunta Directiva durante o trienio 2003-06.
3. Informe do VIII Congreso: Bahía, 12 ó 15 de setembro.
4. Elección da nova Xunta Directiva para o trienio 2006-09.
5. Queda aberta

**Asociación
Internacional
de Estudos
Galegos**

Presidente
Basilio Losada
Universitat de Barcelona

Vicepresidenta
Rosario Suárez Albán
Universidade Federal da Bahía

Secretario
Gabriel Rei-Doval
University of Wisconsin-
Milwaukee

Relacións Públicas
Helena González
Universitat de Barcelona

Tesoureira
Olivia Rodríguez
Universidade da Coruña

Vocais
Burghard Baltrusch
Universidade de Vigo
Silvia Bermúdez
University of California-Santa
Barbara
Miguel Anxo Seixas
Sancti Spiritus Composita

Asistiron á asemblea 27 socios ordinarios da AIEG. A mesa estivo constituída polos seguintes membros da Xunta Directiva:

Basilio Losada (Presidente)
Helena González Fernández (Relacións Públicas)
Olivia Rodríguez González (Tesoureira)
Gabriel Rei-Doval (Secretario)
Burghard Baltrusch (Vogal)

Escusaron a súa asistencia a vicepresidenta Rosario Suárez Albán, a vogal Silvia Bermúdez e o vogal Miguel Anxo Seixas.
A sesión comeza ás 16:30 horas.

1. Aprobación da acta anterior.

O presidente da asociación informa que a acta foi enviada ós socios e que, así mesmo, copias desta estiveron dispoñibles con anterioridade á celebración da reunión para aqueles que quixeron consultala. Na entrada da reunión ofrécese ademais copias adicionais para aqueles o desexan.
Despois de incluí-lo nome completo de Ana Nolasco de Macedo na dita acta, apróbase esta por unanimidade.

2. Informe da xestión da Xunta Directiva.

A relacións públicas Helena González sinala que a actividade da Xunta Directiva non foi tan dinámica como seña desexable, aínda que sen dúbida se incrementou o diálogo coas institucións públicas galegas, coas cales se reforzaron os lazos durante o período en cuestión.

